



CONSIDERACIÓNS E PROPOSTA DE ENMENDAS DA S.G.H.N. Ó PROXECTO DE LEI DE CAZA DE GALICIA

A necesidade dunha Lei de Caza para Galicia resulta evidente, a xuicio da S.G.H.N., debido ós cambios acaecidos na realidade legal, social, ambiental e cinexética dende a promulgación da vixente Lei de Caza de 1970:

- A Lei de Caza de 1970 estaba parcialmente desfasada como consecuencia da aparición de numerosas normas legais, europeas, españolas e galegas, sobre a conservación do Medio Ambiente en xeral, e da fauna en particular, durante os últimos vintecinco anos.
- A inadaptación da Lei de 1970 á realidade galega, xunto coa inoperancia das sucesivas administracións, provocou a atomización da superficie cinexética en incontables coutos de caza minúsculos, a miúdo froito dunha exacerbada rivalidade, que son verdadeiros "coutos de Taifas" nos que a principal perxudicada é a fauna, cinexética ou non.
- A sentenza 102/1995 do Tribunal Constitucional atribúe ás CC.AA. a competencia exclusiva en materia de caza.

Nembargante, o proxecto de Lei de Caza de Galicia elaborado polo executivo autonómico - tan inspirado na Lei de caza de 1970 e no seu regulamento de 1971 que o 42% dos artigos son similares ou idénticos - non é a Lei de Caza que demanda a realidade socioecolóxica de Galicia nos albores do século XXI, a pesares de que supón un avance respecto a situación actual en canto á necesidade dunha superficie mínima, que aínda deba ser maior, para poder practicar a caza. Tamén supón un avance o establecemento dunhas probas de aptitude e coñecementos para os cazadores, aínda que os artigos correspondentes deberan ser modificados para evitar que se convirtn en papel mollado: as devanditas probas teñen que ser obrigatorias para toda-las persoas que soliciten unha licenza de caza.

O mais grave erro do proxecto de Lei é de índole ecolóxico e social, en canto que o seu fío conductor fai xirar todo o medio natural en torno á caza, cando a explotación dos recursos cinexéticos ten que estar claramente supeditada e subordinada a un ben superior: a conservación do medio ambiente como patrimonio natural inalienable de todos os cidadáns. En liña có anterior, o primeiro obxectivo dunha Lei de Caza non deba ser o de fomenta-la caza, como se sinala na exposición de motivos da Lei, senón o de garantir que a explotación cinexética realizada por unha minoría, os cazadores, non hipoteque a conservación de determinadas especies da fauna e o funcionamento natural dos ecosistemas, que, non o esquezamos, son patrimonio natural de todo-os galegos.

É asimesmo un erro considerar á caza como "un recurso natural renovable", que "proporciona utilidades de índole ambiental", ou unha "actividade recreativa con carácter similar a calquera outra das que satisfai o ocio nas sociedades avanzadas", como se pretende xustificar na exposición de motivos da Lei. A caza é unha explotación violenta e destructiva dun recurso natural; está, polo tanto, moi lonxe no espírito e na práctica doutras actividades no medio natural como o sendeirismo, a fotografía da natureza, a observación da flora e da fauna, etc. A caza, ademáis, entra en conflito con estas actividades xa que supón a ocupación casi exclusiva do territorio polos cazadores durante determinados días o ano, pois a xente teme ser ferida nun accidente de caza.

Artigo 4.2. "O exercicio da caza regularase de xeito que quede garantida a conservación das especies cinexéticas, DAS ESPECIES PROTEXIDAS QUE DEPENDAN DAQUELAS E DOS ECOSISTEMAS DOS QUE FORMAN PARTE".

Artigo 9.3. "Os terreos de réxime cinexético común deberán ter como mínimo unha superficie contínua SUSCEPTIBLE DE APROVEITAMENTO CINEXÉTICO, EXCLUIDA-LAS ZONAS DE SEGURIDADE E OS TERREOS DE CARACTER NON CINEXÉTICO DACORDO CÓ ARTIGO 8.2, de ~~cinco~~ **centas** DUAS MIL hectáreas para poder practicarse neles a caza".

Paragrafo 3º: "Os terreos cinexéticos incluídos en espazos naturais protexidos ~~manten~~ **PERDERÁN** a súa condición EPASARÁN A SER REFUXIOS DE CAZA agás que o plan de ordenación dos recursos naturais correspondente indique outra cousa,..."

Artigo 11.1. "Por decreto poderán ser declaradas reservas de caza aquelas áreas do territorio, que pola súa situación, condicións ambientais, climáticas, vexetación, configuración física ou topográfica ou calquera outras características, se consideren favorables para a aclimatación, reprodución conservación, fomento e defensa de



especies AUTÓCTONAS susceptibles de aproveitamento cinexético. A declaración de reserva de caza levará implícita a súa inclusión no Rexistro Xeral de Espacios Naturais de Galicia".

Artigo 12. Refuxios de ~~caza~~ FAUNA

1. Cando por razóns biolóxicas, científicas ou educativas sexa preciso asegura-la conservación de determinadas especies, a Xunta de Galicia, de oficio ou a proposta de entidades científicas ou culturais, públicas ou privadas, poderá acordar que determinadas áreas do territorio sexan declaradas como refuxios de ~~caza~~ FAUNA. Nestas áreas a caza estará permanentemente prohibida. A DECLARACIÓN DUNHA ZONA COMO REFUXIO DE FAUNA LEVARÁ IMPLÍCITA A SÚA INCLUSIÓN NO REXISTRO XERAL DE ESPACIOS NATURAIS DE GALICIA".
2. A administración, control e vixilancia destes refuxios CORRESPONDE EXCLUSIVAMENTE Á CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES.

Artigo 13.2. "A superficie SUSCEPTIBLE DE APROVEITAMENTO CINEXÉTICO mínima e contínua dos TECOR será de dúas mil hectáreas, e a duración do seu réxime especial será a do prazo de cesión dos dereitos cinexéticos, que en ningún caso será menor de cinco anos".

13.3. "CÓ FIN DE REDUCI-LO IMPACTO DA CAZA SOBRE AS POBOACIÓNS CINEXÉTICAS, OS TECOR MANTERÁN COMO REFUXIOS DE CAZA UNHA SUPERFICIE MÍNIMA DO 10 % DOS SEUS TERREOS DE CARÁCTER CINEXÉTICO. OS REFUXIOS DE CAZA VIRÁN DETERMINADOS NO PLAN DE ORDENACIÓN CINEXÉTICA E NELES A CAZA ESTARÁ PERMANENTEMENTE PROHIBIDA. NO CASO DE QUE, POR CIRCUNSTANCIAS EXCEPCIONAIS, ESTAS ÁREAS PERDESEN A CAPACIDADE DE CUMPLI-LA SÚA FUNCIÓN DEBERÁ DECLARARSE OUTRO REFUXIO DE CAZA DE SIMILARES CARACTERÍSTICAS".

Artigo 14. "Se tal negativa se producise e a superficie contínua SUSCEPTIBLE DE APROVEITAMENTO CINEXÉTICO dos terreos afectados fose inferior a ~~cinco~~ DÚAS MIL hectáreas, neles non poderá practicarse a caza,..."

Artigo 15.3. "A xestión dos TECOR autonómicos ~~podará realizala~~ REALIZARSE DIRECTAMENTE POLA a Administración cinexética ~~ou por medio de sociedades ou asociacións de cazadores nas que sexa delegada a dita xestión polo procedemento que se estableza regulamentariamente~~".

Artigos 14, 15, 16 e 17. Semella moi pouco correcto que se presuma a cesión da titularidade cinexética en tanto non se exprese por escrito a negativa, o lóxico sería exactamente o contrario.

Artigo 21.1. ENGADIR: EN TODO CASO, AS SOLICITUDES DEBERÁN IR ACOMPAÑADAS DUN ESTUDIO DE EFECTOS AMBIENTAIS E RESOLVERANSE TRALA PUBLICACIÓN DA CORREPONDEnte DECLARACIÓN DE EFECTOS AMBIENTAIS."

23.3. "Por vía regulamentaria determinaranse as condicións nas que esta actividade poida desenvolverse, en especial as referentes a controis xenéticos e sanitarios, ANÁLISES PERIÓDICOS DA CONCENTRACIÓN DE CHUMBO EN SOLOS E AUGAS, requisitos para realizar as soltas,..." . ENGADIR: A SUPERFICIE MÁXIMA NOS CASOS DE CAZA MENOR E MAIOR SERÁ DE CINCOCENTAS E MIL HECTÁREAS, RESPECTIVAMENTE. A DISTANCIA MÍNIMA ENTRE DOUS TERREOS ADICADOS Á EXPLOTACIÓN DA ACTIVIDADE CINEXÉTICA SERÁ DE CINCO QUILOMETROS.

23.4. ENGADIR: OS TERREOS ADICADOS A EXPLOTACIÓN CINEXÉTICAS EN NINGÚN CASO PODERÁN ESTAR UBICADOS NO INTERIOR DOS ESPACIOS NATURAIS OBXECTO DE ESPECIAL PROTECCIÓN RELACIONADOS NOS ANEXOS DAS NORMAS COMPLEMENTARIAS E SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO DAS PROVINCIAS DE A CORUÑA, LUGO, OURENSE E PONTEVEDRA, PUBLICADOS NO D.O.G. DOS DÍAS 22, 23 E 24 DE XANEIRO DE 1990".

Artigo 24.6. Debera suprimirse: si son zonas de seguridade para "garanti-la adecuada protección das persoas e os seus bens" (Artigo 24.1) non se debe autoriza-la caza nin siquera baixo a responsabilidade dos titulares da autorización.

Artigo 25.4. "OS TERREOS CERCADOS DEBERÁN AXUSTARSE SEMPRE Ó DISPOSTO NA *LEY 4/1989 DE CONSERVACIÓN DE LOS ESPACIOS NATURALES Y DE LA FLORA Y FAUNA SILVESTRES*".

Artigo 26.4. DEBERA SUPRIMIRSE. O das "especies cinexéticas predadoras que poidan exercer sensibles efectos sobre as restantes especies obxecto de caza" é un anacronismo en termos de bioloxía e ecoloxía das comunidades faunísticas que supón, de feito, a primacía das especies cinexéticas sobre os demais vertebrados silvestres.



Artigo 29.1. "A Administración Autonómica velará polo estado sanitario das especies cinexéticas E DA FAUNA SILVESTRE e adoptará as medidas necesarias para previr, detectar, comprobar e eliminar calquera brote ou foco infeccioso ~~na fauna silvestre~~".

Artigo 30. "A introducción e solta de especies cinexéticas esixirá autorización expresa e previa da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes UNHA VEZ VERIFICADOS A NECESIDADE, A CANTIDADE, AS ESPECIES, OS CONTROIS XENÉTICOS E SANITARIOS DOS ESPÉCIMES QUE SE VAN A EMPREGAR, OS REQUISITOS PARA REALIZA-LAS SOLTAS, A ÉPOCA, O MARCADO DAS PEZAS E AS CONDICIÓNS DE TRANSPORTE ENTRE OUTRAS. QUEDAN EXPRESAMENTE PROHIBIDAS AS REPOBOACIÓNS OU SOLTAS REALIZADAS CON ESPÉCIMES DE TAXÓNS OU VARIEDADES ALÓCTONAS".

Artigo 31. "Quedan prohibidas a tenencia e utilización de tódolos procedementos de caza masivos ou non selectivos, así como aqueles que puidesen causar localmente a desaparición dunha especie cinexética, OU, INDIRECTAMENTE, DUNHA ESPECIE NON CINEXÉTICA PROTEXIDA NA LEXISLACIÓN AUTONÓMICA, ESTATAL OU COMUNITARIA, ou alterar significativamente a estabilidade das súas poboacións E DOS ECOSISTEMAS DOS QUE FORMAN PARTE".

Artigo 33.1. Queda prohibido:

- 2) "Cazar fóra do período comprendido entre ~~unha hora antes da~~ a saída do sol e ~~unha hora despois do~~ o seu ocaso, ~~agás nas modalidades de caza nocturna expresamente autorizadas.~~"
- 16) "Cazar con chamariz ~~de perdiz, incumprindo as disposicións que regulen esta modalidade~~".
- 25) "Cazar con pistola, e armas de aire E OUTROS GASES COMPRIMIDOS ~~comprimido~~".

Artigo 41. ENGADIR: "Os plans de ordenación cinexética tamén serán obrigatorios nos terreos de réxime cinexético común, onde os realizará a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes".

Artigo 44.4. "Regulamentariamente determinaranse os requisitos e as condicións para a obtención da licencia de caza, así como as probas de aptitude que deberán ~~superar~~ SUPERAR TODALAS PERSOAS que pretendan obter ~~por primeira vez~~ a dita licencia". Esta modificación é necesaria posto que os cazadores que xa tiveron licencia nunca demostraron diante da Administración "a aptitude e os coñecementos precisos" esixidos no Artigo 44.1.

Artigo 53. "Para efectos de repoboacións cinexéticas, os espécimes deberán proceder dunha granxa cinexética ou dunha explotación cinexética autorizada, con garantías sanitarias E XENÉTICAS E TERANSE Ó DISPOSTO NO ARTIGO 30".

Artigo 54. As bonificacións nas taxas da matrícula anual son excesivas e claramente discriminatorias contra os TECOR que protexan as súas poboacións cinexéticas. Por exemplo, mentras que un TECOR que adique a refuxio de caza o 50% da súa superficie durante alomenos 2 anos obterá unha bonificación proporcional na súa taxa, e decir un 50%, un TECOR polo só feito de ser municipal terá unha bonificación do 75%. Do mesmo xeito resulta desproporcionado que os TECOR cinexético-deportivos e societarios podan obter unha bonificación do 50% polo seu número de socios e que os TECOR societarios podan obter unha bonificación de ata o 75% si deixan un 10% dos permisos diarios de caza para cazadores alleos ó TECOR.

Artigo 56. DEBERAN CONSIDERARSE INFRACCIÓNS GRAVES:

- 5) "Cazar fóra do período comprendido entre ~~unha hora antes da~~ a saída do sol e ~~unha hora despois do~~ o seu ocaso, agás autorización expresa".
- 6) "Cazar cando por circunstancias metereolóxicas ou calquera outra circunstancia estea reducida a visibilidade, de forma que poidan producirse perigos para as persoas ou para os seus bens".
- 8) "Cazar servíndose de animais ou vehículos como medio de ocultación".
- 17) "Entrar con armas ou outras artes autorizadas en terreo cercado, ou con prohibición permanente de cazar, non acollido a outro réxime cinexético especial, cando existan nons seus accesos sinais ou carteis que prohiban a caza no seu interior".

Artigo 57. DEBERAN CONSIDERARSE INFRACCIÓNS MOI GRAVES:

- 6) "Cazar empregando faros, lanternas, espellos e outras fontes luminosas artificiais, desde aeronaves de calquera tipo, vehículos OU EMBARCACIÓNS motorizados ~~ou embarcacións en movemento~~".
- 20) "Non declararen os titulares ou xestores de terreos sometidos a un réxime cinexético especial as epizootias que afecten á fauna existente neles ou incumpri-las medidas que se dicten para a súa prevención ou erradicación" .



- 26) "Cazar con armas que disparen en refachos ou con armas automáticas ou semiautomáticas provistas de cargador que poida conter máis de dous cartuchos, así como coas dotadas de silenciador, visor para o disparo nocturno ou munición non autorizada" .

Artigo 58.

- 2) "Soltar especies exóticas ou animais infectados OU ESPÉCIMES QUE POIDAN CONTAMINAR XENÉTICAMENTE ÁS POBOACIÓNS SILVESTRES".
- 5) "Cazar servíndose ou aproveitándose do lume OU CAZAR EN TERREOS ONDE SE PRODUCIRAN INCENDIOS RECENTEMENTE".

Artigo 63.b) "A transcendencia social e o prexuízo causado ós recursos cinexéticos, ÁS ESPECIES NON CINEXÉTICAS PROTEXIDAS ou ós hábitats".

Artigo 64.1. Os comisos tamén deberan aplicarse no caso das infraccións leves nº 1, 2, 5, 6, 8, 9, 17, 23, 25, 26, 27, 29, 30 e 37.

Disposición Adicional Primeira. "A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, oído o Comité Galego de Medio Ambiente e o Comité de Caza, establecerá periódicamente os baremos de valoración das pezas de caza E DOS ESPÉCIMES NON CAZABLES para efectos indemnizatorios".

Disposición Transitoria Primeira. "TODA-LAS PERSOAS DEBERÁN REALIZAR AS PROBAS DE APTITUDE PREVISTAS NO ARTIGO 44.4 PARA OBTENIR A CORRESPONDENTE LICENCIA DE CAZA. En tanto non se regulamenten as probas ou prácticas necesarias para acreditar a aptitude e os coñecementos ós que se refire o devandito artigo, CALQUERA PERSOA QUE SOLICITE A LICENCIA DE CAZA SÓ PODERÁ OBTENIR UNHA LICENCIA PROVISIONAL, ~~os cazadores que por primeira vez soliciten a licencia de caza farano achegando á solicitude unha declaración asinada por dous cazadores con licencia na que se manifeste que ó seu xuízo reúnen as ditas aptitudes~~".